

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Corrección de erros.-Resolución do 12 de febreiro de 2009 pola que se convocan probas de selección de alumnos para a promoción 2009/2011, para a sección de especialización da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM).

Na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 36, do venres 20 de febreiro de 2009, cómpre realizar a seguinte corrección:

-Na páxina 3.658, base 9ª:

Onde di: «As probas terán lugar do 18 ao 24 de maio», debe dicir: «As probas terán lugar do 18 ao 26 de maio».

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 23 de marzo de 2009, da Dirección Xerencia do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dun posto de xefe/a de sección do grupo de xestión.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (DOG nº 56, do 21 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta dirección xerencia

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de concurso de méritos, o posto de traballo que se indica no anexo.

Segundo.-As retribucións do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, ou a través de cal-

quera dos procedementos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-A mencionada convocatoria estará exposta no taboleiro de anuncios do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Monforte de Lemos, 23 de marzo de 2009.

Fco. Javier Puente Prieto

Director xerente do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos

ANEXO

Clase de persoal: persoal estatutario de xestión e servizos.

Denominación do posto: xefe/a de sección grupo xestión de informática do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos.

Número de prazas: 1.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 31 de marzo de 2009 pola que se publica o acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos desta universidade.

Con esta resolución procédese a dar publicidade ao acordo acadado entre a Universidade de Vigo e os representantes de persoal nos órganos con capacidade negociadora das condicións de traballo do persoal de administración e servizos, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2009, logo de informe favorable do Consello Social do día 9 de marzo de 2009.

Así, en cumprimento do previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, esta reitoría, en uso das competencias recollidas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades,

RESOLVEU:

Primeiro.-Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do acordo que se achega como anexo a esta resolución.

Segundo.-Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e derroga as normas anteriores sobre esta materia.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, os interesados poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, deréxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 31 de marzo de 2009.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO

Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo

En desenvolvemento do artigo 19 do Regulamento do persoal de administración e servizos desta universidade e co obxectivo de atender as necesidades de persoal dunha forma áxil, a través dun procedemento único, xeral e público, no marco da comisión de seguimento apróbanse os criterios para a elaboración, xestión, seguimento e control das listaxes de agarda e regúlanse os mecanismos para a provisión temporal das vacantes que se produzan, tanto polo crecemento de actividades como pola creación de novos servizos da Universidade de Vigo, e tamén para cubrir as necesidades de substitución do persoal fixo.

Esta regulación ten como base a existente ata agora, os acordos da Xunta de Persoal e a Xerencia, así como o disposto no II Convenio colectivo de persoal laboral, e segue unha política de continuidade na xestión cos criterios ata agora vixentes.

En uso das competencias atribuídas á Xerencia no artigo 75 dos estatutos da Universidade de Vigo, os órganos lexitimados para negociar, que son a Xunta de Persoal e os comités de empresa de Pontevedra e Ourense, acadan o seguinte acordo sobre criterios de selección coas seguintes disposicións, que deberán ser ratificadas polos órganos de goberno da Universidade de Vigo.

O acordo ten como fundamento os seguintes principios:

1. Publicidade e periodicidade das convocatorias no DOG vinculadas á oferta de emprego público con carácter xeral, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. Prioridade na valoración do mérito e da capacidade acreditados coa superación das probas de

acceso da oferta de emprego nestas prazas ou, subsidiariamente, das probas que se determinen.

3. Valoración dos méritos da experiencia e da formación adecuadas a cada categoría.

4. Prioridade no acceso para o persoal propio, equilibrado co acceso libre.

5. Participación e seguimento das organizacións sindicais mediante unha comisión que se reunirá periodicamente.

6. Cumprimento dos fins da selección temporal na cobertura das necesidades de servizo.

7. Axilidade na xestión.

Primeiro.-*Obxecto e ámbito.*

Recoller nunha única norma as características xerais das convocatorias de selección temporal, os baremos de selección, os criterios xerais de xestión das listaxes de agarda e articular o seguimento da xestión da selección deste persoal.

A regulación inclúe o acceso a postos con vínculo ou contrato temporal tanto por aspirantes de acceso libre como polo persoal laboral fixo da Universidade de Vigo que cumpra os requisitos para o desempeño das prazas. Así, tamén establece as normas necesarias para articular a adscrición provisional prevista no II Convenio colectivo.

Segundo.-*Convocatorias.*

2.1. Como regra xeral realizarase unha única convocatoria xeral, que será a ordinaria e que irá incluída nas ofertas de emprego.

Así, nas ofertas de emprego os participantes poderán asignar na mesma solicitude o seu interese en figurar nas listaxes para a cobertura temporal de necesidades correspondentes a persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.

2.2. Concluído o proceso selectivo correspondente, a Xerencia elaborará as listaxes de agarda para a provisión temporal das prazas de persoal funcionario ou laboral. O persoal que superase o exame ou exames previstos nas convocatorias e de acordo cos baremos destas, de non obter praza na citada oferta, figurará na lista correspondente na orde obtida no concurso-oposición.

2.3. De tratarse da cobertura de necesidades que non foron convocadas na oferta de emprego con carácter previo á súa cobertura, ou ben de esgotarse as listas anteriores, realizaranse convocatorias específicas, que serán subsidiarias, de ser o caso, das xerais derivadas do concurso-oposición correspondente.

2.4. As convocatorias realizaranse para acceso interno e acceso libre e tamén para a adscrición provisional. Cada unha das tres modalidades de acceso implicará a confección da lista correspondente.

2.5. Os aspirantes que cumpran os requisitos poderán figurar en varias categorías.

Terceiro.-*Vixencia e entrada en vigor.*

3.1. OEste acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación, tras a aprobación polas partes, ratificado por acordo do Consello de Goberno.

A súa vixencia estenderase por dous anos, e pode prorrogarse automaticamente se non media denuncia dalgunha das partes polo menos con dous meses de antelación ao remate da súa vixencia.

3.2. Durante a súa vixencia realizaranse as convocatorias que se consideren oportunas, tras a negociación entre as partes asinantes do acordo.

Cuarto.-*Proceso selectivo e baremos.*

4.1. Convocatoria xeral ou ordinaria de acceso libre e interno: para formar parte da listaxe será necesario ter superado, cando menos, un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da fase de oposición.

Superada a fase eliminatoria, a lista elaborárase sumando:

-A puntuación obtida nos distintos exercicios, que comezará polos candidatos que os superen todos e descenderá sucesivamente ata os que só superasen o primeiro.

-A puntuación da fase de concurso do sistema de acceso correspondente.

4.2. Convocatoria específica: o proceso selectivo consistirá nunha ou varias probas de coñecementos relacionadas coas competencias e funcións da praza. A proba ou probas serán eliminatorias e comúns para acceso interno e libre. Ademais valoráranse os méritos que a continuación se indican para os declarados aptos na proba:

a) Proba: valorárase cun 75% da puntuación máxima.

b) Concurso de méritos: valorárase cun 25% da puntuación máxima.

1. Experiencia na Universidade de Vigo: valorárase o desempeño de postos da mesma categoría ou equivalentes á da praza convocada. Cualificarase cun 10% da puntuación máxima.

2. Experiencia na Administración pública: valorárase o desempeño de postos da mesma categoría ou equivalente á da praza convocada. Cualificarase cun 5% da puntuación máxima.

3. Formación relacionada coa categoría da praza, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais. Cualificarase cun 10% da puntuación máxima.

Para a elaboración das probas e valoración de méritos constituirase unha comisión de selección de cinco membros. O seu nomeamento acordárase no seo da comisión de seguimento deste acordo con

participación na designación dos representantes do persoal laboral ou do persoal funcionario no correspondente proceso.

Quinto.-*Criterios de xestión.*

5.1. Os/as aspirantes admitidos/as nas listas serán chamados pola súa orde desde o Servizo de Persoal de Administración e Servizos (PAS), que terá un libro rexistro de chamamentos onde expedirá a dilixencia correspondente. En primeiro lugar chamarase o persoal que figure nas listas de acceso interno, e esgotadas estas o persoal que figure nas de libre.

5.2. Os/as aspirantes que figuren nas listas e formalizasen un contrato serán chamados/as pola súa orde e poderán optar por manterse nese contrato ou ben subscribir outro, sempre que o novo contrato ofertado corresponda:

a) A unha categoría diferente de distinto grupo de clasificación.

b) A unha categoría distinta do mesmo grupo de clasificación profesional.

c) A unha interinidade en vacante.

d) A unha substitución, obra ou eventualidade dunha duración previsible igual ou superior a seis meses.

e) A localidade de residencia: esta exercerase tras a petición do/a traballador/a entendendo como localidade, en primeiro lugar, as cidades de Vigo, Ourense e Pontevedra e, en segundo lugar, a provincia de Pontevedra e Ourense. Naqueles casos en que o criterio de provincia resulte contrario aos fins de proximidade do traballo ao domicilio, trataranse na comisión de seguimento para a súa resolución.

Producido o cesamento por finalización do contrato, as/os traballadoras/es permanecerán na lista de agarda na orde de prelación orixinaria.

5.3. Causarase baixa nas listas de agarda polas seguintes razóns:

a) Por renuncia a un contrato vixente coa Universidade de Vigo ou situación derivada de acceso interno ou adscrición provisional, sen causa xustificada ou para prestar servizos alleos á citada universidade.

b) Por rexeitar unha oferta de contrato ou situación derivada de acceso interno ou adscrición provisional, sen causa xustificada.

Con carácter xeral consideraranse causas xustificadas de renuncia ou rexeitamento as derivadas da conciliación familiar e laboral, de enfermidade debidamente xustificada, de exercer unha actividade mediante contrato temporal e aquelas outras apreciadas con carácter excepcional e individualmente pola comisión de seguimento deste acordo.

Nestes supostos as causas deberán ser suficientemente acreditadas ante a Xerencia. Os/as aspirantes serán suspendidos de chamamentos ata que acedi-

ten o remate da causa que deu lugar á renuncia ou rexeitamento do contrato ofertado.

5.4. As reclamacións que se presenten por causar baixa nas listas serán tratadas na comisión de seguimento, que emitirá un informe sobre o seu tratamento.

5.5. Agás causa xustificada, consonte a norma anterior, desde a oferta de contratación e o inicio da relación laboral non mediarán máis de cinco días hábiles. A non incorporación neste prazo considerárase rexeitamento inxustificable do contrato e suporá a baixa na listaxe de agarda.

5.6. A oferta de contratación realizarase por escrito só de apreciarse a posible concorrencia de causa de rexeitamento, xustificada ou non, da correspondente oferta de emprego.

5.7. Producido o remate ou cesamento no contrato, o/a traballador/a permanecerá na listaxe de agarda pola súa orde correspondente.

5.8. As listaxes de agarda serán públicas e expoñanse actualizadas semanalmente na páxina web da universidade. Estarán inicialmente integradas por un máximo de 75 persoas.

Sexto.-*Adscricións provisionais.*

6.1. No prazo da convocatoria o persoal fixo poderá solicitar cambio de quenda e/ou cambio de localidade na mesma categoría, de ser o caso.

6.2. Cando exista a necesidade de cubrir un posto de traballo que posibilite un cambio de quenda, localidade, farase consonte os seguintes criterios e prioridades:

a) Cambio de quenda, de existiren varias solicitudes de persoal fixo a prelación fíxase na seguinte orde: persoal da unidade, do centro ou persoal do campus, antigüidade na categoría e na Universidade de Vigo, no caso de empate.

b) Cambio de localidade, aplicarase o criterio previsto no punto 5.2.e). De existiren varias solicitudes a prelación fíxase na seguinte orde: antigüidade na categoría na Universidade de Vigo e na localidade de orixe. Terá preferencia o persoal fixo.

6.3. O cambio ofreceráselle a quen lle corresponda pola orde establecida na lista correspondente. De rexeitalo decaerá na solicitude. Se non fose posible establecer comunicación nun prazo de 48 horas continuará na lista na posición que lle corresponda e ofreceráselle o posto ao seguinte da lista.

6.4. Cando o posto ofertado sexa rexeitado ou non se poida establecer comunicación, anotarase nas observacións as circunstancias relativas á comunicación mantida co solicitante ou a imposibilidade de establecela, segundo o caso, que servirán de proba para formular ou responder as posibles reclamacións.

6.5. A renuncia inxustificable de acordo coas regras contidas para as listaxes de agarda implicará

a suspensión de chamamentos da lista por un período de seis meses contados a partir do momento da renuncia.

6.6. O persoal fixo que solicite o cambio de quenda e/ou o cambio de localidade na mesma categoría será chamado en primeiro lugar con respecto ao persoal de libre, con ocasión da cobertura dunha vacante.

6.7. O persoal que solicite estes cambios será ordenado baseándose no disposto no artigo 20 do II Convenio colectivo ou norma que a substitúa, de ser o caso.

Sétimo.-*Comisión de seguimento.*

Constituirase unha comisión de seguimento coas partes asinantes deste acordo, para as cuestións contidas expresamente no acordo e para a súa interpretación e aplicación, para a negociación das convocatorias, así como para recibir a información da xestión das listas, ser oídos nas baixas por renuncias e penalizacións.

A comisión será paritaria, con igual número de representantes de cada parte.

De alcanzarse acordos de aplicación xeral deberán ser publicados para coñecemento xeral.

Resolución do 31 de marzo de 2009 pola que se publica o acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos desta universidade derivados dos procesos de provisión e selección.

Con esta resolución procédese a darlle publicidade ao acordo acadado entre a Universidade de Vigo e os representantes de persoal nos órganos con capacidade negociadora das condicións de traballo de persoal de administración e servizos, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2009, logo de informe favorable do Consello Social do día 9 de marzo de 2009.

Así, en cumprimento do previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, esta reitoría, en uso das competencias recollidas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades,

RESOLVEU:

Primeiro.-Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do acordo que se achega como anexo a esta resolución.

Segundo.-Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e derroga as normas anteriores sobre esta materia.